

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio de convocatoria e bases para selección dun/ha funcionario/a interino/a da praza de técnico de intervención-tesourería, administración xeral

Por decreto do alcalde en funcións nº 710 de data 19/10/2022, aprobouse a seguinte convocatoria e bases: (O prazo de presentación de instancias será de cinco 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.)

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN E FORMACION DE LISTA DE RESERVA DE DE FUNCIONARIOS/ AS INTERINOS/ AS TÉCNICOS/AS XESTIÓN CONTABLE DO GRUPO: A; SUBGRUPO: A2; ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: XESTIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, E CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA.

1º.-Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a selección dun/ha funcionario/a interino/a da praza de técnico de intervención-tesourería, administración xeral grupo: A; subgrupo: A2; escala: administración xeral; subescala: xestión, e a creación dunha lista de reserva. Datos en RPT: – Denominación: técnico de XESTIÓN. – Código de posto: .3101 _ Complemento de destino:26 – Complemento específico: 11.843,73€/ano (actualizado a 2022).

Este proceso de selección baséase na necesidade urxente e inaprazable de garantir o correcto funcionamento dos servizos públicos na área económica carecendo na actualidade a estrutura municipal de recursos propios suficientes. Considérase que concorren as circunstancias previstas no artigo 23.2 B) da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, para acudir a esta forma de cobertura, quedando acreditado no expediente os requisitos esixidos pola normativa aplicable 2. Ao remate do proceso selectivo, a persoa que obteña a maior puntuación será nomeada como funcionaria interina, e aprobarase unha lista de reserva que poderá utilizarse para en aplicación do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os supostos previstos no artigo 10.1 a) b) c) e d). e 23.2 da Lei de emprego público de Galicia. O funcionario interino cesará, ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 24.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

2º.-Funcións da praza

As funcións a desenvolver na praza serán, en termos xenéricos, as contempladas na RPT: Xestión de persoal, nóminas e seguridade social e preparación do expediente das nóminas

- Confección dos recibos de liquidación de cotas de seguridade social, así como toda a relación coa seguridade social (altas, baixas, IT, accidentes, etc.)
- Partes de accidente de traballo
- Contabilidade dos gastos e ingresos e gravación de asentos
- Colaboración coa intervención na elaboración dos Orzamentos municipais e contas xerais
- Coordinación da xestión recadatoria interna entre os departamentos municipais, administración e melloras no programa informático de recadación e tramitación econtabilización de ficheiros bancarios dos cadernos SEPA.
- Elaboración de plans de disposicións de fondos e prestación de servizos auxiliares de Tesourería (expedientes de anticipos de Caixa, pagos a xustificar, ordes de pagamentos, relacións de pagos, actas de arqueo, conciliación de saldos mensuais, libros auxiliares de tesourería e informes).
- Gravación e expedición de liquidacións tributarias para o control e fiscalización da Tesourería municipal. Manexo de plataformas informáticas para envíos e recepción de ficheiros (Siltra, Delt@, Autoriz@, Axencia Tributaria, Ministerio de Facenda e AAPP, Xunta de Galicia, etc.)
- Calculo e confección de liquidacións tributarias e informativas e resumos anuais (IRPF, IVE, operacións con terceiros, taxas da Administración autonómica e estatal, etc.)

- Interlocución con empresas externas e comunicacións internas para levar a cabo os plans de avaliación de riscos, formación e recoñecementos médicos do persoal municipal.
- Realización de informes sobre custos salariais e cotas sociais para a xustificación de subvencións polos distintos departamentos municipais e para o control do Capítulo I dos Gastos de persoal do Orzamento municipal. Elaboración dos Plans de vacacións do persoal municipal

3.-Tipo e duración da provisión:

O/A funcionario/a interino/a será nomeado/a unha vez rematado o proceso de selección para a cobertura motivada e o seu cese producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron o seu nomeamento, sen prexuízo do previsto no art. 63 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

4.-Sistema selectivo e publicidade:

Segundo os artigos 10.2 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 24.1 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, a selección de funcionarios interinos realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência. O sistema de selección será o de oposición libre. As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro electrónico de anuncios do Concello (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion/>), así coma no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e igualmente facilitarase unha copiadestas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a todos/as aqueles que o soliciten. Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello. A dita convocatoria poderá ser simultánea á aprobación das bases de selección. Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion/>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación

5.-Requisitos dos aspirantes.

1. Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal: – Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia. – Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. – Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. – Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. – Posuír o título de grao universitario, diplomatura universitaria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación. – No seu caso título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega CELGA IV, equivalente ou superior. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega. No seu caso Certificado de estar e posesión da certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia, ou estar en condicións de obtela coma máximo á data de remate de presentación de instancias. De non acreditarse terá que superarse proba de coñecemento sobre o paquete ofimático. 2. Os anteriores requisitos deberán reunir con referencia ó último día de prazo de presentación das solicitudes e manterse durante a contratación .

6. -Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes.

1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 5 desta base , a súa participación mediante da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa

2.- Xunto coa solicitude débense achegar documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.
- b) Documentación acreditativa de cumprimento requisitos participación (Título)

c) Copia do CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da proba da oposición de galego.

d) Copia da Certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia.

3. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Arzúa cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

4. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas. B

5. O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do Concello de Arzúa (rúa Santiado n.º 2 CP 15810 Arzúa A Coruña) , ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Arzúa (<https://sede.concellodearzua.com/>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión por fax ao Concello de Arzúa (Fax:981500914) da instancia presentada conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación que deberá ser recibido antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

6. Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de edictos do Concello relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles para a enmenda das deficiencias que se sinalen. As emendas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion/>).e na que se incluírá a composición do tribunal – de non terse designado nun momento anterior–. Nesta resolución determinarase o lugar, data e hora do comezo do exercicio da fase de oposición. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva

7. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo ao nomeamento que corresponda. .Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo no seu caso para unha contratación se desprenda que non poseen requisitos as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos derivados da súa participación.

8. Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contenciosa-administrativa, contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos do concello.

9. O resto das resolucións serán expostas no taboleiro de edictos do concello.

7.-Tribunal calificador.

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros e contará cos seguintes membros: ·

Presidente: Un/Unha funcionario/a pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.

Secretario/a: O da Corporación ou quen legalmente a substitúa. (con voz e voto)

Tres funcionarios/as de carreira pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ou esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

8.-Procedemento de selección.

DESENVOLVEMENTO OPOSICIÓN

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de oposición libre.

Os aspirantes convocaranse para o exercicio de oposición en chamamento único, sendo excluídos do proceso os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

A orde de chamamento realizarase conforme a RESOLUCIÓN de 28 de enero de 2022 por la que se hace público el resultado del sorteo al que se refiere el Reglamento de selección de personal da Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia.r comezándose por aqueles aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "t".

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O anuncio de celebración dos exercicios (que se realizará con 48 horas de antelación) a cualificación dos mesmos e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos do concello.

Os exercicios realizaranse a porta cerrada sen outra asistencia que a dos/as aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

O chamamento para cada exercicio será único, de maneira que os/aspirantes que non comparezan serán excluídos/as.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización do exercicio.

Non entanto, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando a comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro do corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación inclúanse en calquera outro recurso admisible de acordo con as regras xerais do proceso selectivo.

O anuncio de realización dos exercicios publicarase na sede electrónica municipal taboleiro de anuncios con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio. Si o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións queos/as aspirantes poden presentar no tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas, publicarao na sede electrónica taboleiro de anuncios.

As puntuacións obtidas publicaranse neste taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal. Concederáse un prazo de 2 días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios do acordo da Tribunal que fai públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

En calquera momento do proceso selectivo, si o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún/haaspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo ao Secretario/a para que se requiran os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que o/a aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, quedará excluída do proceso selectivo.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará a os aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria. No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeira proba de oposición

- A primeira proba de oposición consistirá na realización dun exercicio con dúas partes

Esta proba de oposición terá dúas partes unha tipo test con 60 preguntas e outra con 5 preguntas teórico prácticas relacionadas coas funcións a desempeñar no posto de traballo e có temario recollido no Anexo I,

A duración total do exercicio será de 120 minutos .

A parte de test terá unha puntuación máxima de 60 puntos, O cuestionario será de 60 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta. Haberá que responder 6 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunhas das 60 preguntas do cuestionario tipo test. ☐

Por cada resposta correcta outórganse 1 punto. ☐

Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,125 puntos.

As respostas en branco ou nulas non puntuarán.

A parte práctica consistirá en resolver 5 preguntas teórico prácticas plantexadas . Esta parte (que se realizará sen códigos nin material de axuda) terá unha puntuación máxima de 40 puntos, , a puntuación terá en conta :

- a) capacidade resolutive ,
- b) motivación das respostas conforme os coñecementos normativos, e fundamentos xurídicos, relacionados có temario do Anexo 1.
- c) claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita, e a capacidade de síntese.

Publicarase a acta do tribunal coa puntuación obtida por cada aspirante outorgando dous días hábiles a efectos de presentación de alegacións.

Segunda proba de oposición

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles aspirantes que na solicitude de admisión acrediten estar en posesión do CELGA 4 Consistirá na realización dunha proba escrita que serve para acreditar o coñecemento do idioma galego tradución dun texto de catelán o galego elixido por sorteo entre dous textos propostos polo tribunal , nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superlo obter o resultado de apto. Corresponderá o Tribunal determinar o coñecemento da lingua galega tendo en conta o nivel de Celga requerido no proceso selectivo. Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 4 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos

Terceira proba de oposición

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio (agás para aqueles aspirantes que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión da certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia, ou estar en condicións de obtela coma máximo á data de remate de presentación de instancias.) a realización dunha proba de coñecemento sobre o paquete ofimático de Office (folia de cálculo e procesador de

texto) con formato tipo test, o cuestionario será de 25 preguntas (máis 5 de reserva), con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 30 minutos. O exercicio será calificado de apto ou non apto considerándose apto a quen responde correctamente 13 preguntas e non apto a que non alcance as 13. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

As probas sinaladas nos apartados segunda proba e terceira proba poderán realizarse na mesma data con preaviso 48 horas antes da súa realización con anuncio na sede electrónica municipal .

9-Proposta de nomeamento

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta de nomeamento do/a aspirante que reúna a maior puntuación na proba de oposición que conte co CELGA 4 ou superado a proba do exercicio de galego-, e certificación de competencias dixitais ou superación da proba elevándoa a Alcaldía para o seu nomeamento como funcionario/a interino/a.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na parte práctica da proba de oposición . De persistir o empate este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no test , e de persistir o empate resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presenza das persoas aspirantes afectadas, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado cunha antelación mínima de 48 horas ao dito sorteo.

O tribunal queda capacitado para determinar unha lista reserva de contratación, co resto dos/as aspirantes non propostos para a contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade Dita proposta e a lista de reserva coas puntuacións totais acadadas, por orde decrecente, publicaranse no taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Arzúa . O/as interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello .

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse polo tribunal as alegacións existentes, e ditarase resolución da Alcaldía de nomeamento do funcionario interino conforme a proposta do tribunal, dando prazo para a presentación da documentación prevista na cláusula novena, así mesmo indicarse o prazo de toma de posesión. Esta publicación substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas.

Na mesma resolución de nomeamento de funcionario interino, conterase a lista de reserva, conforme a proposta do tribunal.

10-Incorporación o posto de traballo

Á vista da resolución da Alcaldía sobre o nomeamento do funcionario interino, a persoa seleccionada ten un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ó desta publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Arzúa , para presentar no Rexistro do Concello a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada do título de galego Celga 4 ou equivalente, co obxecto de ser declaradas exentas da realización da proba de nivel de coñecemento da lingua galega. Fotocopia compulsada certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia
- Informe médico oficial actualizado -polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data de resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a-, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Rematado este prazo e constatando que entregou a documentación esixida, procederase a toma de posesión no prazo sinalado na resolución da Alcaldía.

Se no prazo indicado, non presenta a documentación requirida, ou non toma posesión da praza de funcionario interino no prazo indicado, quedará sen efecto o nomeamento realizado, ditándose o oportuno decreto da Alcaldía.

11- Funcionamento da lista reserva.

